

MISA CON NENOS – 28-ORDINARIO- C

Lucas 17, 11-19: “Non volveu máis ca este estranxeiro para dar gloria a Deus?”

Mensaxe: Aprende a SER AGRADECIDO.

Dille a Xesús: "GRACIÑAS".



1. ACOLLIDA

- Ola, bos días a todos. Cando eramos pequenos, os nosos papás, cando alguén nos regalaba algo nos preguntaban: “Como se di”? E nós contestabamos: “Grazas”. Hoxe precisamente, as lecturas invítannos a ser agradecidos con todos polo que nos fan cada día. Á misa chamámola Eucaristía. Esta palabra quere dicir “acción de grazas”. Cada domingo reunímonos arredor da mesa do Señor para dar grazas ao Pai por todos os seus dons, especialmente porque nos deu a Xesucristo como irmán e fainos membros da súa familia por medio do bautismo. Aprendamos pois a saber ser agradecidos con todos e con Deus, pois “é de ben nados ser agradecidos”. (Carteis coa palabra: “Grazas!”).

2. CELEBRACIÓN DO PERDÓN

A Deus pedímoslle moitas cousas, pero poucas veces lle damos grazas porque cremos que se nos debe o que lle pedimos. Por iso pedímoslle perdón.

-Ti que nos regalaches a vida. **Señor, ten piedade.**

-Ti que nos queres con loucura. **Cristo, ten piedade.**

-Ti que nos regalas o perdón aínda que non o merezamos. **Señor, ten piedade.**



3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Na primeira lectura escoitaremos como un estranxeiro sirio chamado Naamán dá grazas a Deus ao verse curado da enfermidade da lepra. No evanxeo veremos a outro estranxeiro, un samaritano, que manifesta tamén o seu agradecemento a Xesús, mentres que os outros nove curados, nin se acordaron diso.

4. PETICIÓNS

Agradecidos pola salvación que Deus nos dá, oremos (como os leprosos do evanxeo) dicindo: **-Grazas, Señor, de todo corazón!**

1. Para que vexamos na Igrexa a cara de Cristo. **Oremos.**
2. Para que sexamos agradecidos con Xesús e cos que nos rodean. **Oremos.**
3. Para que os traballadores da sanidade mostren sempre un trato humano cos enfermos. **Oremos.**
4. Para que todos valoremos a participación na eucaristía cada domingo. **Oremos.**
5. Para que agradezamos o don da fe, o pertencer á Igrexa, os sacramentos, a familia, o pan da mesa e a presenza dos que nos axudan a crecer. **Oremos.**
6. Para que os maiores descubran a Unción de enfermos como un signo do amor salvador de Deus, máis forte que a morte. **Oremos.**

Escoita Señor nosas súplicas, xunto coa nosa loanza e a nosa acción de grazas. Por XCNS.

5. OFRENDAS

PEDRIÑAS COA PALABRA “GRAZAS” (pódense distribuír ao final): Alguén dixo: “Cando un amigo te ofenda escribe a ofensa na area, onde o vento do esquecemento e do perdón se encargará de borrarla e esquecerla. En cambio, cando un amigo te axude grávoa na pedra da memoria do corazón, onde ningún vento poderá borrarla”. Queremos fortalecer a nosa memoria e ser sempre moi agradecidos con todos.

PAN E VIÑO: A Eucaristía significa “acción de grazas”: grazas por darnos a Xesús, grazas por salvarnos, grazas por perdoarnos, grazas por ser o noso amigo e compañeiro.



6. VIDEOS de ORDINARIO 28-C

- Os 10 leprosos, debuxos, nenos de poucos anos: <https://www.youtube.com/watch?v=caanJMbbjb0>
- Os 10 leprosos, debuxos de Nando: <https://www.youtube.com/watch?v=mvQr1xDTs2A>
- Lucas 17, 11 19, película: <https://www.youtube.com/watch?v=ah1zpiq7AEs>
- Reparte gratitude!, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=gK5TPBSInoU>
- O pracer de agradecer, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=r3zus66RIgE>



**Os 10 leprosos:
agradece a Deus o que che dá.**